



Escolma poética

Xurxo Sierra Veloso

II

Que non che pareza mal, ben sabes que a cabeza
me leva case sempre por corredoiras
húmidas e sombrizas.

Se non fose polo que é,
estas dúbidas que me enchen o peito
cada vez que poño os zapatos
e albisco a rúa; e os veciños
que me saúdan cun sorriso sen que eu saiba
cal é o modo axeitado e civil
de andar no mundo;

e os coches que xa case non fan ruído
e por iso meten máis medo.

Se non fose, en fin, pola vida
que vivo e os seus minutos,
iría contigo, como non,
sería unha festa camiñar
pola beira do río, sentir a lama,
o frío das pontes e as ponlas que nos rabuñan.

Sabes que non vou pero quixen e non temía
esvarar nos coios ou deter os pasos
se de súpeto ladra un can e amosa os dentes.

Quedo aquí pero sei que non debo,

que era moito mellor seguirte e se cadra
 admirar de preto a auga e caer
 sen berro nin proxecto, erguer os brazos
 e loitar brevemente, sen verso derradeiro,
 ata ir ao fondo e alí entender,
 por fin, entender, ou polo menos lembrar
 a voz que agora busco
 e non atopo.

III

Abáfanse os músicos, non dan collido os folgos precisos
 para subir esta longa costa de xuño.
 Os que levan as andes corren de máis,
 teñen présa por chegar á capela e deixar o santo.
 Sábense non merecentes da súa compañía
 ou se cadra sospeitan que aquel home solitario,
 afeito aos desertos, prefire ir só, sen banda municipal
 nin mans levadoras.
 Xa non hai nenos. Se os houber, correrían
 polo campo da festa e o sangue
 dos seus xeonllos mancados sería
 sacrificio perfecto, desculpa ideal
 para que os beizos do santo por fin se abran
 e a banda toque outra peza,
 aquela que lles gustaba tanto aos meus pais,
 lembrás? Non, claro que non, en realidade
 non lembramos nada, só sentimos na gorxa
 aquel abafamento da costa longa, as unllas
 no pescozo, cravadas e precisas,
 ese alivio.

V

Vou esquecendo os nomes das rúas,
 xa non quedarán locutorios, ninguén os precisa,
 e seguro que morreu o triste
 da tenda de Entrepeixigos,
 aquel home que ás once da noite
 subía por longa escaleira
 e pechaba a reixa ruidosa,
 de luns a domingo, sen lección

de vida nin estrambote, mentres a súa nai
agardaba ao pé e ás veces cantaba,
co corazón mancado de ser tan riseira
e tan triste seu fillo agatuñante,
sen ningunha esperanza
de que unha súbita mestura os aliviase
das respectivas prendas.
Esquecinos e aínda os lembro,
pouco falei con eles, merqueilles leite,
alfombraban a tenda con cartóns
e nunca vin simbiose: a nai era alegre,
merecería ceo se houbese,
o fillo botaba as contas e nas mans
víanse os estragos da tristura.
Eu case sempre levaba présa,
non lembro por que, tamén esquecín.